



Santiago de Compostela, 12 de maio de 2020

Circular Nº: 03/20

Estimados/as colexiados/as:

En primeiro lugar, queremos facervos chegar un cordial e afectuoso saúdo a todos/as e a cada un do vós, e facelo extensible tamén ás vosas respectivas familias.

Coa presente, pretendemos facervos chegar o noso máis sincero apoio institucional para todo aquilo que, en relación á actividade colexial veñades necesitando, particularmente durante este tempo de alerta sanitaria por mor do virus Coronavirus COVID-19.

Tal e como se vos notificou no seu momento polos medios habituais, como consecuencia da declaración do Estado de Alarma declarado polo Goberno de España en todo o territorio de ámbito nacional, decidiuse o peche das dependencias da nosa Sede Colexial, en consonancia coas Sedes corporativas de A Coruña, e Ferrolterra. Desde ese mesmo día, os Servizos Administrativos comezaron a funcionar na modalidade de traballo a distancia, ou teletraballo, con un resultado ata o momento consideramos que satisfactorio.

Por outra banda, queremos informaros que desde o inicio do confinamento non se realizaron, loxicamente, Xuntas de Goberno de forma presencial. Mesmo así, o traballo coordinado do Equipo Directivo fixo, e está a facer, que a atención ao colectivo siga sendo áxil, dinámica, e personalizada. Esperamos que segundo se vaia desenvolvendo a “desescalada” na nosa Comunidade Autónoma, poidamos convocar unha Xunta de Goberno de carácter ordinario para os últimos días do mes de xuño, e seguir manténdoos informados/as da actividade colexial.

No tocante á presentación das Contas do exercicio económico do ano anterior e do Orzamento para o presente, viña sendo habitual que por estas datas xa tíñamos presentado perante a Xunta Xeral a documentación ao respecto para a súa



aprobación, se procedese. Por motivos obvios, este ano non foi posible cumprir cos prazos de anos anteriores.

De común acordo entre as tres Delegacións de Coeticor decidiuse, de forma excepcional, **prorrogar os orzamentos de 2019 para o exercicio de 2020, suxeito á conformidade da Xunta Xeral en canto sexa posible.**

Xa para rematar, comentarvos que todos os nosos servizos seguen estando garantidos. Nesta alínea, incluso se tomaron medidas unificadas a nivel nacional a través do CGETI.

Confiando en que a situación actual volva canto antes á normalidade e, con ela, a de todos e todas nós, aproveitamos para despedirnos da mesma maneira que iniciamos a presente misiva, facéndoos chegar un cordial e afectuoso saúdo a todos/as e a cada un do vós, extensible tamén ás vosas respectivas familias

Atentamente,

A XUNTA DE GOBERNO